

# GAÑADOR na categoría de ADULTOS

EDUARDO RODRÍGUEZ SAIZ

IES Politécnico de Vigo

## XANEIRO

Como lembrarei estes días?

O terceiro andar é unha dimensión paralela á vida que vexo máis aló das ventás. Deste lado sempre a mesma atmosfera, a mesma luz, o mesmo cheiro. Un non-mundo, un non-espazo, un non-tempo.

A rutina marca o paso das horas no hospital: a falta de reloxos, é o aseo, ou a comida, o que nos ordena a vida. Porén, prefiro as tardes. Son un territorio seguro onde sei que non seguirán chegando malas noticias, onde o armazón de medias verdades que temos construído ao teu redor non se vai vir abaixo, deixándote ao bordo do abismo.

Collín o costume de fixarme na mirada das persoas que veñen. Pero ten que ser necesariamente a primeira mirada, antes de que aparenten que todo está ben, que vas saír desta. Máis que tristeza, hai sorpresa.

Véxoos e penso que a min me espertas tenrura. Con dedos trementes tratas de peitearte, recolles o pelo, queres poñer unha pinza, pero a túa torpeza é máis tenaz que a túa coquetería. Agora lembro un guecho caendo sobre a túa fronte.

Dormes engruñada, pero non quero acomodarte por medo a que espertes. Xa non queda nin rastro das túas xeografías sinuosas, o teu corpo é unha paisaxe de ángulos e arestas.

Respiras amodo. Deixas de respirar.

Lémbrome perfectamente de cando deixaches de respirar.